

A NOVA NÓMINA

CCOO denuncia que o goberno cumpre só parcialmente coas obrigas de información marcadas na reforma de pensións de 2011.

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social procedeu á publicación da Orde que regula a nova información de cotizacións que deben conter as nóminas, pero segue sen publicarse as relativas á información sobre a previsión das futuras pensións tanto públicas coma privadas.

CCOO recorda que a última reforma de seguridade social pactada entre goberno, sindicatos e empresarios foi recollida na Lei 27/2011, e nesta se estableceron unha serie de dereitos de información aos traballadores/as que **debían cumprir as empresas**, a administración da Seguridade Social e as entidades que xestionan os instrumentos de pensión privados.

Entre os mencionados **dereitos de información**, destaca a obriga que teñen as empresas para que as nóminas que mensualmente reciben as empregadas/os contéñan información non só dos seus salarios senón da totalidade de cotizacións sociais que se ingresan no seu nome, tanto as que se descuentan directamente do seu salario coma as que ingresa directamente o empresario. Ambas as dúas cantidades, en realidade, forman parte da nosa masa salarial, e intégranse no capítulo de custos de persoal, como os nosos salarios directos.

A norma que regula este mandato foi publicada no Boletín Oficial do Estado do 11/11/2014, e establece o novo formato que deben ter as nóminas a partir de agora, dando un prazo de seis meses para que todas as empresas incorporen estas novidades aos seus respectivos recibos de salario.



Non obstante, **seguen pendentes de publicación** as normas que regulan a información que todas as plantillas deben recibir relativas ao seu futuro dereito de pensión de xubilación, proxectando a súa situación laboral, de cotizacións e/ou achegas a sistemas complementarios de pensión, en cada momento.

A Lei 27/2011 establece que a información sobre pensións **debe remitila anualmente**, tanto a administración da Seguridade Social, no caso das pensións públicas, coma as entidades que xestionan os distintos instrumentos privados de carácter complementario ou alternativo que contemplan compromisos por xubilación.

Neste sentido, é importante sinalar que a obriga de información respecto das pensións públicas e privadas, debe facilitarse coa mesma periodicidade e en termos comparables e homoxéneos coa subministrada pola Seguridade Social.

A nómina en BBVA, aínda que poida parecer complexa e difícil de entender, é non obstante precisa e informativa. Pero para **CCOO**, o atraso desta obriga, contida na lei 27/2011, é inxustificable, e empra a goberno a que explique o impacto económico desta demora, informando só das cotizacións á Seguridade Social e non do efecto destas sobre a pensión futura prevista. Isto impide, entre outras cousas, que se vexa por parte da plantilla, o efecto na súa pensión futura do incumprimento das obrigas de cotización por parte das empresas (retribucións fóra de nómina, prolongacións de xornada non pagadas, uso fraudulento de contratos a tempo parcial,...).

Seguimos traballando, seguimos informando

Decembro 2014